



MANIFESTO DA REDE DE UNIDADES DE IGUALDADE DE XÉNERO DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS PARA A EXCELENCIA UNIVERSITARIA (RUIXEU)

8 DE MARZO 2023

Como cada ano, a conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, emprázanos a reflexionar criticamente sobre a situación de discriminación que sofren as mulleres, en todos os ámbitos e en todo o mundo, en pleno século XXI. Lémbrenos tamén a necesidade de promovermos políticas públicas reais e efectivas para corrixirmos esta situación.

Este ano a ONU reivindica a igualdade baixo a lema "Por un mundo dixital inclusivo: Innovación e tecnoloxía para a igualdade de xénero". O papel da universidade neste sentido debe ser clave, tanto no desenvolvemento tecnolóxico dixital, como na vixilancia de que non existan nesgos de xénero na utilización e deseño das ferramentas de datos masivos ou da Intelixencia Artificial. Non podemos permitir que esas ferramentas, innovadoras e importantes para o desenvolvemento da humanidade, se convertan en espazos en que se confirmen e perpetúen os estereotipos e os roles de xénero.

Desde a RUIXEU reafirmamos o noso compromiso para facermos fronte, nos ámbitos da nosa competencia, ás manifestacións de invisibilidade, discriminación e violencia contra as mulleres, incluíndo o ámbito dixital. Un compromiso que asumimos desde a responsabilidade que temos as universidades de sermos un espazo crítico e científico de denuncia das discriminacións que afectan á metade da poboación, polo único feito de ser mulleres. E desde o compromiso tamén, de consolidar as universidades como motores de transformación social a prol dunha plena igualdade de oportunidades. Por iso, reivindicamos un ano máis a necesidade de garantirmos unha docencia universitaria con perspectiva de xénero e a súa efectiva transversalización en investigación, xestión e transferencia de coñecemento.

Só desde unha educación universitaria libre de nesgos poderemos empoderar, efectivamente, as mulleres en todos os ámbitos da vida política, laboral e social. Desde as universidades loitamos para defendermos a



igualdade de dereitos e oportunidades, e para combatermos os roles e estereotipos de xénero, as brechas e discriminacións que, aínda hoxe, persisten tamén no ámbito universitario. Así, un estudo realizado polo Ministerio de Universidades constata case un 11% de fenda salarial entre homes e mulleres no sistema universitario público español, agravada nos complementos salariais, que mostran unha fenda superior ao 17 %, entre os 30 e os 40 anos. Ademais, aínda que as mulleres representan unha maior porcentaxe de persoas cun grao universitario, a súa participación en España nas carreiras CTEM é do 13 % e só representan o 18 % das traballadoras en sectores tecnolóxicos. Este é un problema que debemos resolver. Non é que queiramos mulleres nas carreiras CTEM, é que as *necesitamos*. Precísanse mulleres, porque a súa visión é crucial para a innovación, o progreso e o crecemento económico. Por iso, é importante non só seguir atraendo as mulleres ao ámbito CTEM e proporcionarlles referentes, senón tamén promocionar entre os homes as carreiras relacionadas cos coidados e a educación. Só así podemos conseguir unha igualdade plena.

Nos últimos tempos, os esforzos das Unidades de Igualdade das universidades en materia de igualdade de mulleres e homes víronse reforzados por distintas iniciativas legislativas, actualmente en trámite, que impulsarán as políticas de igualdade de xénero nas universidades, contribuíndo a corrixir as brechas salariais e de oportunidades. Estas iniciativas, consideradas globalmente, deberían fortalecer a protección xurídica das mulleres para alcanzar unha igualdade de dereitos e oportunidades, real e efectiva. Neste sentido celebramos que o anteproxecto de LOSU recolla a obriga das universidades de contaren entre as súas estruturas básicas con Unidades de Igualdade de mulleres e homes, e empra a universidades a dotalas dos recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. Recóllese unha das peticións históricas da RUIXEU e reivindicamos o seu cumprimento polas universidades e organismos competentes. Celebramos, así mesmo, a centralidade que no devandito anteproxecto e noutras normas, como a Lei de convivencia universitaria, ten a prevención e loita contra as violencias machistas e a discriminación en todas as súas formas. Facemos un chamamento a todas as institucións implicadas na aplicación das leis de igualdade nas universidades (universidades, ANECA, CRUE, CCAA, entre outras) para que apliquen os mandatos normativos.



A pesar dos avances, queda aínda moito por facer, moito por loitar, no ámbito da educación superior en España e no mundo. Neste sentido, as Unidades de Igualdade expresamos a nosa solidariedade coas mulleres afgás, as iranianas e todas as que se manteñen en loita defendendo os seus dereitos fundamentais e liberdades públicas básicas como o seu dereito á educación. Tamén expresamos a nosa solidariedade coas mulleres ucraínas, cuxo proceso educativo se viu truncado polo estalido bélico.

En suma, este 8 de marzo obríganos, unha vez máis, a reflexionar sobre a situación das mulleres, sobre as desigualdades, discriminacións e fendas que limitan o seu pleno exercicio de dereitos e liberdades. E emprázanos especialmente a seguir traballando en prol das políticas de igualdade de mulleres e homes, necesarias para avanzarmos con firmeza cara a unha sociedade máis igualitaria e xusta.

8 de marzo de 2023

As universidades abaixo asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero das Universidades Españolas para a Excelencia Universitaria



Universitat d'Alacant
Universidad de Alcalá
Universidad de Almería
Universitat Autònoma de Barcelona
Universidad Autónoma de Madrid
Universitat de Barcelona
Universidad de Burgos
Universidad de Cádiz
Universidad de Cantabria
Universidad Carlos III de Madrid
Universidad de Castilla La Mancha
Universidad Complutense de Madrid
Universidad de Córdoba
Universidade da Coruña
Universidad de Deusto
Universidad de Extremadura
Universitat de Girona
Universidad de Granada
Universidad de Huelva
Universitat de les Illes Balears
Universidad Internacional de Andalucía
Universidad de Jaén
Universitat Jaume I
Universidad de la Laguna
Universidad de la Rioja
Universidad de las Palmas de Gran
Canaria
Universidad de León

Universitat de Lleida
Universidad de Málaga
Universidad Miguel Hernández de Elche
Universidad de Murcia
Universidad Nacional de Educación a
Distancia (UNED)
Universitat Oberta de Catalunya (UOC)
Universidad de Oviedo
Universidad Pablo de Olavide
Universidad del País Vasco
Universidad Politécnica de Cartagena
Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad Politécnica de Madrid
Universitat Politècnica de València
Universitat Pompeu Fabra
Universidad Pública de Navarra
Universitat Ramon Llull
Universidad Rei Juan Carlos
Universitat Rovira i Virgili
Universidad de Salamanca
Universidade Santiago de Compostela
Universidad de Sevilla
Universitat de València
Universidad de Valladolid
Universitat de Vic- Universitat Central de.
Catalunya
Universidade de Vigo
Universidad de Zaragoza

